

# CULTURA ESCOLAR E SOCIALIZACIÓN LABORAL: A REPRESENTACIÓN DO TRABALLO NOS ADOLESCENTES

EDUARDO TERRÉN LALANA  
Departamento de Socioloxía  
Facultade de Socioloxía  
Universidade da Coruña

*Recibido:* 27 outubro 1998

*Aceptado:* 14 decembro 1998

---

**Resumo:** O traballo que aquí se presenta contén dúas partes. Na primeira ofrécese un marco teórico no que situa-la investigación e na segunda preséntanse as conclusións. A cuestión central que se aborda en ámbalas dúas é a do significado do traballo para os rapaces adolescentes. Interesa saber qué variables inflúen máis decisivamente na súa representación do traballo e, especialmente, cál é o peso nela da súa experiencia escolar. Unha das teses máis difundidas nas interpretacións da crise da sociedade industrial é que o traballo non constitúe xa un referente esencial no proxecto de vida dos individuos. Agora ben, ¿pode constatarse realmente esa descentralización subxectiva do traballo no proceso de constitución da identidade social dos adolescentes? E, sexa cal sexa o seu lugar nese proceso, ¿cal é a súa xenealoxía? ¿De que se nutre a imaxe que os adolescentes teñen do traballo e que relación garda tanto coa súa experiencia escolar como coa súa percepción do contorno?

**Palabras clave:** Cultura escolar e socialización laboral / Representación do traballo / Cualificación / Relación educación-traballo-xuventude.

## SCHOOL CULTURE AND LABOUR SOCIALIZATION: A REPRESENTATION OF WORK IN ADOLESCENTS

**Summary:** The first part of this paper provides an introduction and a theoretical framework for a research on the representation of work in adolescents and the results are given in the second part. The main question to deal with here is the meaning of work.

Special attention is paid to the role of adolescent school life and how it is related to the expectations offered by the current transformation of labour market. One of the most popular claims within the interpretations of the crisis of industrial society is that work can no longer provide an essential framework for individuals in their project of life. But, does the constitution of adolescents' social identity really show this kind of subjective decentralisation of work? And, in any case, what is the genealogy of their representation of work? How is it related to their daily experience of school life and their perception of environment?

**Keywords:** School culture / Labour socialisation / Representation of work / Qualification / Education-work-youth relationship.

---

## O MARCO DA CUESTIÓN

### EDUCACIÓN ECONÓMICA E CURRÍCULO OCULTO: MÁIS ALÁ DUNHA SIMPLE CORRESPONDENCIA

A escola produce certos tipos de coñecementos, sentimentos e actitudes que se acumulan e que se utilizan na esfera económica. O capital escolar, o produto cer-

tificado da traxectoria educativa, é o referente tradicional da noción clásica de cualificación, noción conceptualmente ligada á produción oficial do coñecemento e na que latexa a idea dunha suposta harmonía funcional ou correspondencia entre o mundo educativo e o mundo laboral<sup>1</sup>. Sen embargo, máis alá destas cualificacións formais que constitúen a preocupación fundamental, na elaboración dos planes de formación profesional cabería falar, por exemplo, dun tipo de cualificación máis básica á que se podería denominar *cualificación laboral profunda*. Este nivel de cualificación non ten tanto que ver cos contidos oficiais do currículo formativo como coa cultura que impregna ese currículo e cos hábitos e representacións que esta fomenta<sup>2</sup>.

Este nivel de cualificación serve de estrutura xeneratriz primeira sobre a que se asentán non só as cualificacións formais conseguidas na traxectoria formativa senón tamén, e sobre todo, as motivacións básicas, as disposicións e os sentimentos de deber e rexeitamento que as acompañan. A importancia deste nivel profundo de cualificación estriba en que, en última instancia, tanto os coñecementos formalmente cualificadores (ou habilitadores) como as chamadas "cualificacións sociais" (autonomía, espírito de cooperación, capacidade de comunicación, responsabilidade, etc.) arraigan no individuo sobre a base moral e motivacional configurada por estes sentimentos e disposicións profundas. De aí a influencia que cabe supoñerlle sobre as tomas de decisións chamadas a facer efectivas estas cualificacións tanto no esforzo de inserción no mercado de traballo como na carreira a través deste.

A teoría da correspondencia foi un dos enfoques sociolóxicos que máis fincapé fixo na adecuación da escola á formación para a incorporación ó traballo. A diferenza dos enfoques clásicos, habitualmente cualificados como funcionalistas ou do capital humano, a perspectiva crítica da teoría da correspondencia tivo o mérito de desviar-la atención cara ós aspectos non-formais da socialización laboral e basea-la súa análise non tanto en destrezas ou coñecementos como en actitudes, disposicións e habilidades sociais que establecían correlación con diferentes estratos

<sup>1</sup> Pode verse Terrén (1997) para unha rápida panorámica histórica desta relación, así como da súa proxección sobre a visión convencional do paso á vida adulta/activa. En Terrén e Castillo (1994) tratámo-las limitacións conceptuais da noción de cualificación e as dificultades coas que se enfrenta sempre a planificación dun sistema de cualificacións que pretenda adaptarse ós cambios, moito máis rápidos e impredecibles, da realidade económica. Véxase a este respecto tamén Burundarena (1988). O autor aproveita esta nota para agradecerlles a Armando Fernández Steinko e a Obdulia Taboadela os seus comentarios sobre estas cuestións.

<sup>2</sup> Este nivel de cualificación é certamente afín ó que Fernández Steinko (1997, p. 271), seguindo a liña de CE-DEFOP, denomina "saber ser" fronte ó "saber teórico" e ó "saber facer", pero apunta cara a un maior nivel de profundidade subxectiva. A "cultura escolar" coa que pretende poñerse en relación enténdese aquí como un tipo de cultura organizativa que estrutura unha boa parte das prácticas que se dan na relación educativa. Trátase dunha "cultura en proceso", constantemente recreada polos actores na súa vida cotiá a través do "traballo simbólico" (Willis, 1990) que levan a cabo na súa experiencia escolar. A "ideoloxía do traballo" á que faremos referencia non esgota o campo da cultura escolar, pero é unha das súas dimensións fundamentais.

da xerarquía das relacións laborais<sup>3</sup>. Estes elementos non estrictamente formais, que caen máis alá do coñecemento escolar oficial, constitúen o campo de prácticas, relacións e representacións do que se coñece como o *currículo oculto*, campo no que tamén se asenta a cualificación laboral profunda que aquí se pretende estudar<sup>4</sup>.

O problema desta interpretación da socialización laboral a través do principio da correspondencia do currículo oculto é que se atopa moi ligada á metáfora do reflexo á hora de relaciona-las prácticas culturais da vida educativa e as condicións estruturais que rexen o mundo da economía. Suponse, así, que a escola é un "aparato ideolóxico" (Althusser) de produción de produtores ós que se domestica e clasifica en función das esixencias que o capital proxecta sobre o mercado de traballo. Suponse, noutras palabras, que estas esixencias "determinan" non só o que se ensina na escola senón tamén cómo se ensina, e que o resultado de todo iso é a reprodución dunha forza de traballo sumisa e fragmentada cun pensamento que llexitima a orde existente ó ter sido socializada de acordo co lugar social que lle corresponde. Pero, ¿como ten lugar realmente esa reprodución? Máis alá desta determinación cultural que reduce a vida escolar a un simple reflexo pasivo do que ocorre no mundo do traballo, ¿como se producen realmente as ideas na escola e, en particular, a idea do traballo? ¿É, tal vez, a experiencia escolar un espazo tan central na constitución desa idea? E se o é, ¿como intervéñ nela?

Con estas preguntas pretendemos abri-lo horizonte dunha investigación sobre o lugar que ocupa a representación do traballo na constitución da ética económica duns individuos (os e as adolescentes) que se atopan nun momento clave da construción da súa identidade social (Erikson, 1992). Esta liña de investigación pretende mostrar cómo é preciso ir máis alá dos enfoques da socialización laboral que, como ocorre no caso da teoría da correspondencia, sosteñen esquemas de determinación excesivamente unidireccionais. Por iso non serven para describi-lo que realmente ocorre na práctica da vida escolar, nin tampouco serven para describir cómo constrúen os individuos as representacións básicas da educación econó-

<sup>3</sup> Desta correlación derivábase unha correspondencia ou isomorfismo estrutural entre, por un lado, as relacións sociais escolares e os seus patróns diferenciais de socialización ("réplica" das do mundo da produción) e, polo outro, as da estrutura de clases. A referencia clásica desta idea é Bowles e Gintis (1985, 1983), que distinguiron entre o "contido" da aprendizaxe formal e a "experiencia da escolarización", facendo desta última o elemento central da correspondencia. En canto tal, a noción de currículo oculto foi posta en circulación polo estudio de Jackson (1991) verbo da aprendizaxe do significado do traballo e, máis concretamente, verbo das rutinas e dos hábitos de traballo escolares como garantías dunha inserción non conflictiva no mundo laboral. Neste mesmo sentido, xa nos anos trinta John Dewey falou da importancia do que el denominou a "aprendizaxe colateral" (Tories, 1991).

<sup>4</sup> A distinción entre as cualificacións (tal e como son entendidas convencionalmente) e esta "cualificación profunda" trázase en paralelo á distinción de Beck (1998) entre a educación como organización (contexto institucional, títulos, plans de estudio) e a educación como significado (o sentido que os individuos lle outorgan). Castells (1998) presenta unha distinción moi afín entre cualificación e educación (entendida esta como a capacidade para adquirir e redefinir constantemente a primeira).

mica conforme á cal deciden cándoo e en qué traballar, cómo esforzarse niso, se seguir ou non estudando e con qué tipo de motivación facelo, etc. Non son suficientes, pois, para entender cómo funciona a reprodución cultural na escola porque conxelan os procesos ideolóxicos de produción das ideas, como epifenómenos da vida económica extraescolar, e son cegos ó carácter vivido desas ideas e representacións no mundo cotián dos individuos, un mundo que para o caso dos adolescentes é, en gran medida, o mundo da escola.

En cambio, se se presta atención á perspectiva da cultura vivida polo actor poderemos observar con maior precisión cómo a representación do traballo que constitúe a base da educación económica dos adolescentes "*non é [simplemente] unha forma de falsa conciencia 'imposta' por unha economía (...) [senón] parte dunha cultura vivida, resultado dunhas condicións materiais das accións persoais da vida diaria*" (Apple, 1987, p. 42). Poderemos ver, máis concretamente, cómo a cualificación laboral profunda dos adolescentes se constitúe nun entramado contradictorio como unha racionalización de representacións de moi diferente cuño: unhas vinculadas á moral do traballo implícita na disciplina escolar e na ideoloxía meritocrática que a ampara; outras vinculadas á percepción dun ambiente hostil que suscita incerteza e inseguridade.

Así pois, lonxe de negar en ningún momento a importancia das condicións estruturais nin das estratexias de dominación que pugnan pola súa hexemonía no ámbito do económico, a perspectiva da investigación que aquí se presenta intenta revivir no contexto estrutural destas condicións a experiencia dos actores que se internan nun momento decisivo da súa educación económica. É esta unha experiencia formativa que non pode entenderse a partir dun modelo simple de socialización que a reduza a unha simple interiorización automática, a un simple reflexo das esixencias reproductivas do capital. Máis ben, a súa análise debe abrirse cara a un modelo máis complexo de socialización que, aínda corrixindo o risco da indefinición, sexa sensible a todo un abano de sentimentos, percepcións e conceptos non sempre claramente perfilados, nin sequera sempre coherentes entre eles. Despois de todo, "*a reprodución social é por natureza un proceso contradictorio (...), é demasiado complexa como para encerrala en modelos totalmente determinantes (...) [e] unha teoría da mensaxe oculta que perda de vista estes riscos perde a súa vitalidade conceptual, por non dici-la súa exactitude empírica*"<sup>5</sup> (Apple, 1987, pp. 106 e 95).

Este abano de sentimentos, percepcións e conceptos é o que constitúe o núcleo do que aquí chamamos a *ética económica* dos adolescentes, tomando o termo da

<sup>5</sup> Ademais de na de Michel Apple, pode tamén atoparse na obra de Stanley Aranowitz, Erik O. Wright, Raymond Williams ou na de Paul Willis e outros membros da Escola de Birmingham distintas defensas da necesidade de traballar nun programa antirreducionista de revisión da teoría da correspondencia. O obxectivo clave do programa consiste en lima-los seus aspectos máis mecanicistas á hora de aborda-lo problema da reprodución sen perde-lo seu compoñente crítico. A estratexia básica é aproxima-lo enfoque estrutural á análise cultural das prácticas que imperan na realidade cotiá.

investigación de Weber (1983) sobre o espírito do capitalismo<sup>6</sup>. Segundo Weber, a educación económica media entre a cultura do traballo e a ética económica dos individuos, entendida esta como o conxunto de estímulos prácticos que moven á acción na esfera económica. O fundamento destes estímulos é, á súa vez, o que aquí denominámo-la cualificación laboral profunda. O que se intenta analizar é a relación que garda esta cualificación coa cultura escolar vivida e coa percepción da reestructuración do mercado de traballo que se rexistra no seu ámbito. A súa análise, como xa indicamos, envíanos ó plano do currículo oculto, ó mundo das prácticas formativas que se desenvolven no que Jackson (1991) describiu como o "mundo dos afáns cotiáns". Un mundo de demandas diversas de amizade e inimidade, deberes e divertimentos, satisfaccións e medos, motivacións e bocexos; un mundo no que as demandas estritamente académicas cobren só unha pequena parte (aínda que non desdeñable); un mundo, en definitiva, de aspectos múltiples, celebrados uns e inadvertidos outros, cunha significación que cómpre estudar para entender cá é a estrutura de sentido na que se acolle a representación do traballo dos adolescentes<sup>7</sup> e cómo se vive a través dela o que adoita describirse como "a fin da sociedade do traballo".

### **A DESESTANDARIZACIÓN DO TRABALLO E A SÚA CENTRALIDADE OU DESCENTRALIDADE SUBXECTIVA**

A construción da categoría da adolescencia estivo historicamente vinculada a procesos como o da extensión da escolaridade e o da expansión do traballo extradoméstico como fonte de autonomía e independencia económica, adaptabilidade social e identidade individual definitiva. Cando en galego se lle pregunta a alguén, por exemplo, *¿que é?*, a resposta que se espera non é a de "pai", "aragonés", "boa persoa" ou "amante do bo xantar", senón outras como "carpinteiro", "avogado", "mestre", etc. Na xerga da escolástica aristotélica diríamos que as primeiras dan conta de simples accidentes pero que só as segundas nos ofrecen a esencia, é dicir, o que un realmente é, o que constitúe a súa verdadeira identidade social.

Analizar por qué a nosa identidade social se establece fundamentalmente por referencia a unha ocupación é algo que entronca directamente co vello problema

<sup>6</sup> Como é sabido, na súa investigación Weber puxo en relación a educación relixiosa promovida pola ética calvinista coa orixe do capitalismo a través da educación económica que aquela foi capaz de subministrar e coa que foi posible unha racionalización do modo de vivir e de producir acorde coas esixencias culturais da produción capitalista. Como moi ben sinala Álvarez-Uría (1994), e moi a conto do que aquí se pretende, a importancia da formulación de Weber radica, ademais, en que permite desenvolver unha socioloxía da subxectividade que non contradí senón que enriquece a centralidade da actividade productiva na explicación da forma de pensar dos individuos.

<sup>7</sup> O concepto de "estructura de sentido" é afín ó constructivismo da socioloxía do coñecemento da realidade social, derivado basicamente da obra de Berger e Luckmann. Úsase aquí da mesma forma en que o fai a perspectiva de análise de traballo na vida cotiá, é dicir, como unha construción trazada de representacións, percepcións, interpretacións, etc. que racionalizan o mundo dende a perspectiva do actor e estimulan e lexitiman a súa actuación nel (Miguélez, Torns e Pastor, 1998, p. 153).

sociolóxico do traballo como valor e coa teoría da súa centralidade na configuración dos mundos de vida da modernidade. Como se dixo, a investigación de Weber sobre as éticas económicas e, en particular, sobre "o espírito do capitalismo" constitúe, a este respecto, unha referencia ineludible. É importante reter da súa concepción ata qué punto o desenvolvemento do modo de produción capitalista debe poñerse en relación con esa cultura do traballo que lle confire un lugar central na configuración do estilo de vida moderno<sup>8</sup>, pois unha das cuestións que máis se repetiu dende a irrupción dos debates sobre a sociedade postindustrial é, precisamente, a do esvaecemento desa ética do traballo que conformou o grande impulso cultural do capitalismo.

Unha das advertencias máis coñecidas sobre os riscos de decadencia civilizatoria que podería traer consigo unha *posmodernización* cultural foi a de Bell (1977). Bell viu na instrumentalización do traballo e na proliferación dos valores hedonistas a través do consumo o caldo de cultivo dunha vida cultural incompatible cos principios morais da conducta racional que alentaran o capitalismo clásico. Xunto coas teses de Bell, outro dos diagnósticos importantes do *Zeitgeist* do postindustrialismo foi o de Ronald Inglehart. A súa teoría da revolución silenciosa, ampliada e corroborada máis adiante (Inglehart, 1991), introduciu na discusión o problema do cada vez maior predominio dos valores posmaterialistas, como consecuencia do cambio xeracional e da emerxencia dunha clase de idade socializada na opulencia, na educación xeneralizada, nas garantías sociais e allea, polo tanto, ós valores da escaseza apreciados polas xeracións anteriores<sup>9</sup>.

En relación con estas teorizacións da cultura postindustrial e do que se consideraron as súas "subculturas" (como a subcultura xuvenil), xurdiu nos anos setenta a tese do rexeitamento por parte da xuventude dos valores esenciais da ética tradicional do traballo (o esforzo, a abnegación, a busca da felicidade e a realización persoal a través da actividade laboral, etc.) (Rousselet, 1974; Sanchís, 1984). Os tratamentos do problema vinculados a esta tese, moi ligados no fondo á tradición intelectualista das paixóns no tratamento do ciclo vital, sempre fixeron uso dunha metafísica da xuventude pouco fundamentada socioloxicamente. Atribuíanlle á xuventude unha "cultura" moi difícil de xeneralizar a toda unha diversidade e a unha heteroxeneidade de casos e de traxectorias que a investigación posterior non fixo máis ca subliñar<sup>10</sup>. Pero, ademais, como xa sinalou Sanchís (1984, p. 82), pre-

<sup>8</sup> O xiro humanista da psicoloxía industrial da posguerra foi un claro testemuño diso. C. Argyris afirmou: "*Un adulto sano tenderá a conseguir la máxima expresión de su personalidad en el ejercicio de su trabajo si se le provee de un empleo que le permita ser más activo que pasivo; más independiente que dependiente; disponer de una perspectiva temporal más larga que corta; ocupar posiciones más elevadas que las de sus iguales; poder controlar su mundo; y expresar muchas de sus más profundas e importantes capacidades*" (cit. en Castillo Castillo, 1989, p. 88).

<sup>9</sup> Sobre esta cuestión do cambio axiolóxico pode verse Müller-Rommel (1983) e Lagrée (1996).

<sup>10</sup> A investigación de Martín Criado (1998), por exemplo, subliña insistentemente a necesidade de non xeneralizalo compoñente xeracional da categoría "xuventude" e de analiza-las vías de inserción laboral en función das diferentes traxectorias de clase (social, non de idade).

sentaban unha dificultade metodolóxica inicial: "¿con quen comparalos? ¿cos mozos da xeración anterior?, ¿cos coetáneos adultos?, ¿cun 'antes' idílico no que había conciencia profesional, esperanza na promoción, amor ó traballo e satisfacción pola obra ben feita?".

Xa en 1982 a propia OCDE afirmou, nun dos seus informes, que non consideraba fundados os temores xurdidos ante un suposto rexeitamento xuvenil da ética do traballo<sup>11</sup>. Pero no por iso os ecos desta tese deixaron de resoar no ideario dese discurso tan recorrente en boca de certos adultos e, sobre todo, de certos empresarios. O problema aquí non é tanto o ton conservador que esta crenza poida albergar nuns (o que Gorz chama a "ideoloxía neoconservadora do esforzo") ou a instrumentalización que dela poidan face-los outros nas súas estratexias de contratación; o problema é o tremendamente superficial que resulta unha concepción presa do esencialismo de épocas ou xeracións anteriores e cego ante o verdadeiro sentido das transformacións que hoxe en día afectan ó traballo e á forma en que a mocidade o entende.

En efecto, ó longo das dúas últimas décadas viron a luz toda unha serie de estudos que viñeron insistindo na necesidade de reconceptualizar a noción mesma de "traballo" ata o punto de pretender abolila, como mostran os títulos que xogan coa noción de "a fin do traballo" dende Drancourt (1974) ata Rifkin (1996). Todos estes desenvolvementos se produciron a teor da perda de centralidade do traballo nunha dimensión obxectiva que hoxe ninguén pode negar. A comezos de século, o traballo como tal ocupaba aproximadamente o 25% do ciclo vital dun individuo, mentres que para comezos do próximo século se agarda que sexa o equivalente a uns once anos acumulados ó longo de toda a vida (é dicir, arredor dun 13% do ciclo vital). Se, en gran parte como consecuencia do aumento de produtividade derivado da innovación tecnolóxica, logo dun século de industrialización só é precisa a metade de traballo é claro que non só este ha adquirir unha nova dimensión como eixe da estrutura social, senón tamén como eixe da nosa propia vida individual e da forma de construí-la nosa propia identidade. Parece que xa non pode seguir sendo o horizonte de realización, nin a fonte de estabilidade existencial, de seguridade ontolóxica e de canalización de expectativas que veu sendo ata agora.

Como apuntou no seu momento Offe (1992, pp. 35 e 37), a diminución obxectiva da capacidade de determinación dos supostos do traballo sobre a constitución e o desenvolvemento da sociedade no seu conxunto permite falar dun "*descentramento da esfera do traballo con respecto a outras referencias vitais, [da] súa relegación ás márxes das biografías persoais*". A principal razón diso radicaba, ó seu

<sup>11</sup> *Les études et le travail vus par les jeunes* (cit. en Sanchís, 1984, p. 85). A pesar diso, aínda a comezos dos 90 déronse probas da erosión da ética do traballo: "Uno de los valores que más se ha alterado en España durante estos últimos años es el que concede al trabajo un carácter central en la vida de una persona. Ha pasado a ser un elemento secundario (...) Los jóvenes que entran ahora a trabajar consideran que el esfuerzo personal (...) es un mal necesario; es decir, vuelven a la más rancia tradición del trabajo como castigo bíblico" (Miguel, 1992, p. 589).

xuízo, en que a forza comprometedoras das actitudes e as conviccións asociadas coa "etificación" do feito de traballar só poden funcionar "baixo condicións que permitan que os traballadores se confirmen, preserven e atopen recoñecemento no seu traballo como persoas que actúan moralmente como titulares de deberes". Isto é algo que, en principio, non parece moi posible nas condicións actuais de paro estrutural e de precarización do mercado de traballo, sobre todo porque estas condicións fan cada vez máis infrecuente a continuidade biográfica entre a formación e a profesión e, polo tanto, obstaculizan a construción individual de proxectos de vida centrados na esfera do traballo como elemento subxectivo irradiador de sentido<sup>12</sup>.

Sen embargo, podería tamén pensarse que, precisamente como consecuencia da escaseza de traballo, este tipo de compromisos subxectivos co traballo no resultarían cuestionados senón potenciados, o que en vez de erosionar a súa centralidade no fondo motivacional da ética económica dos individuos a reforzaría. O propio Offe (1994, p. 72) recoñeceu, por exemplo, que a teimuda persistencia da base moral e cultural implícita nos compromisos clásicos da sociedade do traballo podería explicarse como efecto do atractivo que gardan as primas materiais e inmateriais asociadas co traballo a tempo completo. Por iso é polo que pode resultar tan difícil que a incorporación da renuncia a este tipo de traballo a unha supostamente renovada ética económica puidera subministrar algún sentido minimamente aceptable ós plans vitais dunha boa parte da poboación: "*Pola contra, canto máis precario e incerto se fai que tódalas persoas adultas atopen e conserven un posto de traballo seguro, satisfactorio e adecuadamente remunerado, máis intensa e agresiva devén a concorrencia por este ben de bens e a identificación subxectiva co valor que se lle atribúe*".

Así pois, fronte ás celebracións excesivamente optimistas ou precipitadas da "sociedade da fin do traballo", parecen existir razóns para a pervivencia de hábitos de pensamento e tradicións que dificultan enormemente esa redimensión do traballo e a reconceptuación do seu lugar nas nosas vidas e na organización da nosa sociedade. Jannièrè (1985) sintetizou como máis relevantes as seguintes tendencias: a tendencia a asociar-lo traballo productivo coa actividade remunerada; a planificar todo tempo tido por improdutivo de acordo coas esixencias do traballo tido por productivo; a entender ese traballo fundamentalmente como a fabricación (no sentido de disposición seriada de secuencias dun proceso caracteristicamente industrial); e, por último, a tendencia a concederlles ós individuos unha posición e unha identidade sociais en relación directa coa posición que ocupan nese proceso de traballo. Todas elas poden considerarse como elementos esenciais da ideoloxía do

---

<sup>12</sup> En consecuencia, parecería que "no es sólo objetivamente como el trabajo se ha visto relegado de su condición como hecho vital central y autoevidente; también subjetivamente en consonancia con este hecho objetivo (...) ha perdido esa posición en el interior del fondo motivacional de los trabajadores" (Offe, 1992, p. 47).



traballo industrial que impregnou —e aínda impregna— a cultura do traballo contemporánea, cando menos na medida en que moitos seguimos presos da idea do traballo como deber moral, como obriga social e como vía de éxito persoal<sup>13</sup>.

Na medida en que esta aínda perviva na ética económica da maioría dos individuos, pode seguirse afirmando unha centralidade do traballo nas nosas vidas que parece contradicirla descentralidade afirmada polos teóricos do novo traballo. A escaseza do traballo socialmente necesario non parece haber erosionado o seu lugar central nas nosas expectativas e horizontes de vida. Seguimos presos non só dos hábitos e tendencias caracteristicamente industriais sinaladas por Jannièrre, senón tamén polo ideal de realización a través do traballo ó que fixemos referencia a través das palabras de Argyris.

Pero non se trata de saber se é a anacrónica persistencia dunha xa vella cultura do traballo que mantén obstinadamente a súa centralidade ou se, pola contra, é a rabiosa irrupción de novas formas de organiza-lo traballo, que parecen avogar pola súa descentralidade, a tese que representa a verdade do traballo. Esta sería unha falsa formulación porque ámbalas dúas representan tendencias que, aínda sendo contradictorias, conviven nunha especie de paradigma averroísta de dobre verdade. E é que, como afirma Bourdieu (1996), o traballo ten efectivamente unha dobre verdade que non sempre foi tida en conta nas investigacións sobre a súa evolución<sup>14</sup>. En relación coa proposta de Bourdieu distinguiremos, pois, entre unha descentralidade obxectiva do traballo e unha centralidade subxectiva.

A primeira aceptámola como unha redefinición estruturalmente imposta do papel do traballo. Vén sendo o resultado das estratexias de flexibilización e de innovación tecnolóxica adoptadas polo sistema económico para responde-las esixencias de competitividade e productividade a través de novas formas de organización e da redución dos custos de man de obra. A súa principal consecuencia é a diminución do tempo de traballo socialmente necesario, a conseguinte proliferación de novas formas de traballo temporal ou a tempo parcial e, en definitiva, a perda de importancia cuantitativa do tempo de traballo no ciclo vital dos individuos.

Ata que punto este descentramento estrutural se traduce ou non nun descentramento subxectivo é precisamente o que aquí se pretende investigar para o caso das e dos xoves adolescentes. Suponse que o estudio deste grupo é significativo por dúas razóns: en primeiro lugar, porque se trata de individuos que se atopan nun momento decisivo da construción da súa identidade social e, en segundo lugar, porque como categoría de idade están moi próximos a aqueles que —xunto cos

<sup>13</sup> Así describe Gorz (1995, p. 278) a matriz fundamental da ideoloxía imperante na sociedade do traballo, por canto sostén que canto máis traballa un, mellor resulta para todos e máis libra o seu propio éxito; quen non traballa prexudica e faise culpable do seu fracaso.

<sup>14</sup> "O erro obxectivista... [consiste] en omitir na análise a verdade subxectiva que foi preciso romper para constituí-lo obxecto de análise (...). O golpe de forza obxectivante que foi necesario para constituí-lo traballo asalariado na súa verdade obxectiva fixo esquecer que esta verdade debeu ser conquistada contra a verdade subxectiva" (p. 89).

inmigrantes e coas mulleres, en xeral— soportan con diferenza a maior parte do peso da actual reestructuración do traballo<sup>15</sup>.

Non foi de balde que o interese pola dimensión subxectiva do traballo se correspondera cun momento no que a taxa de paro xuvenil dos países da OCDE comezou a estabilizarse nunha magnitude equivalente a entre dúas e tres veces a taxa media de paro. Como vaticinaba un informe da OCDE para eses anos: "*a xuventude converteuse nun problema. Fálase e discútese moito sobre ela, especialmente sobre o desemprego xuvenil. Esta cuestión do desemprego ou, para ser máis precisos, do axuste das aspiracións dos mozos ás aperturas que ofrece o mercado de traballo é, sen dúbida, o problema máis grave para os próximos anos*" (OCDE, 1980, p. 9).

A pesar dos anos transcorridos, pouco substancial pode engadirse a ese pronóstico, tal e como se desprende da evolución do desemprego xuvenil (táboa 1), que en 1996 rexistrou en Galicia a taxa máis alta de toda a década (40,3%, sendo de 48,6 para as mulleres e de 59,64% se nos limitamos ó intervalo 16-19).

**Táboa 1.-** Evolución das taxas de paro global e xuvenil en España e en Galicia (1991-1997)

Ano	Galicia			España		
	Global	16-19	20-24	Global	16-19	20-24
1991	12,56	27,02	27,23	17,00	35,08	30,57
1992	16,10	30,03	33,76	20,10	42,60	36,29
1993	18,84	41,34	38,10	23,90	52,28	42,05
1994	18,94	41,09	39,35	23,90	53,10	41,60
1995	18,02	38,68	37,09	22,80	50,09	39,46
1996	19,14	40,30	40,34	21,80	52,12	37,95
1997	17,37	41,29	32,17	20,32	49,89	34,67

FONTE: Elaboración propia a partir de EPA (INE).

Algúns dos informes que viñeron proliferando dende a segunda metade dos oitenta sobre esta nova versión do "problema xuventude" sinalaron este punto ata a saciedade<sup>16</sup>. Nesta liña, e como resumo, sirvan as palabras de Zárrega (1985, p. 384): "*El análisis de la situación actual nos muestra una generación bloqueada en su proceso de juventud, marginada a posiciones secundarias del sistema y aislada socialmente (...). El fenómeno más revelador en ese sentido es el lugar que ocupa en el mercado de trabajo y las formas predominantes de su actividad descualificada, discontinua, ocasional y fragmentada*". Na medida en que esta nova versión non só fixo da xuventude un novo obxecto de controversia política senón tamén científica, a investigación psicolóxica e sociolóxica sobre o traballo (ou o non-tra-

<sup>15</sup> Datos difundidos polo informe do Consejo Económico y Social correspondente a 1996, que chamou a atención sobre o custo social do desemprego xuvenil, ou o *Informe sobre la juventud* do INJUVE para o mesmo ano. En termos xerais pode afirmarse que practicamente a metade dos parados son rapaces e que case a metade da mocidade está en paro, a maioría deles (3 de cada 4 parados) sen subsidio.

<sup>16</sup> Para unha revisión crítica destes informes, véxase Martín Criado (1998).

ballo) e sobre a mocidade comezou a valorar extraordinariamente a dimensión subxectiva do obxecto de investigación<sup>17</sup>.

Este xiro permitiu compensar boa parte dos excesos esencialistas sostidos pola tese dunha suposta cultura xuvenil remisa á moral do traballo. Non obstante, as imaxes subministradas por esta tese non desapareceron do circuíto de ideas comunmente aceptadas e incluso seguen vixentes en interpretacións neoconservadoras do actual cambio social (Murray, 1994). O que en ámbolos dous casos se mantén é a asociación da xuventude coa emerxencia dunha infraclase sostida e protexida pola actuación estatal e polo apoio familiar. Esta protección e este apoio, dise, non fan máis ca erosionar aínda máis a moral emprendedora e o verdadeiro espírito de traballo.

Non obstante, non é necesario compartir esta interpretación que conxuga a vella idea da irracionalidade da subcultura xuvenil coa dun esmorecemento moral da civilización occidental, para recoñecer que, certamente, no noso actual contexto postindustrial, os mozos teñen cada vez menos acceso a situacións obxectivas que permitan o tipo de compromisos morais alentados pola cultura do traballo industrial. Como sinala Hollands (1995), parece máis ben que estes tenden a construí-la súa identidade, as súas expectativas e os seus esquemas de valores sen relación co mundo do traballo, o que, de ser certo, viría confirmar unha descentralidade subxectiva do traballo no seu proceso de construción identitaria.

Este é o punto preciso no que a nosa investigación pretende internarse. ¿Pode constatarase realmente esa descentralidade subxectiva do traballo no proceso de constitución da identidade social dos adolescentes? E, sexa cal sexa o seu lugar nese proceso, ¿cal é a súa xenealoxía?, ¿de que se nutre a imaxe que os adolescentes teñen do traballo e que relación garda tanto coa súa experiencia escolar como coa súa percepción do contorno?

## A REPRESENTACIÓN DO TRABALLO NA ÉTICA ECONÓMICA DOS ADOLESCENTES<sup>18</sup>

Un dos supostos que esperabamos ver corroborados na nosa investigación era que a imaxe do traballo dos adolescentes estaba fortemente condicionada polo seu

<sup>17</sup> Unha boa parte dos traballos recollidos en Torregrosa *et al.* (1989) responden a esta tendencia moi preocupada polo tema dos valores que afectan ás cognicións relacionadas co traballo. MacDonald (1996) sinala que fronte á década dos oitenta, na que os estudos sobre mozos e mercado de traballo facían fincapé nas consecuencias do paro e nos tópicos da desviación e a resistencia, a dos noventa tende a prestar unha maior atención ás cuestións relacionadas coa identidade e coa actividade cultural.

<sup>18</sup> O que a continuación se expón son as conclusións dunha investigación en dúas fases realizada durante 1996 e 1997 con adolescentes da área metropolitana da Coruña e que contou cunha axuda económica da Fundación Paideia. Na primeira, correspondente a adolescentes temperáns —duns 13 anos— e de diferente extracción social, recorreuse a unha metodoloxía especialmente deseñada para a ocasión e baseada na análise de debuxos. Na segunda, correspondente a adolescentes de 17 anos, todos eles escolarizados, recorreuse á técnica de grupos de discusión. En total analizáronse case 100 debuxos na primeira e 4 grupos de discusión na segunda (un de mozos, un de mozas e dous mixtos).

sexo e pola ocupación dos pais e/ou das nais. Polo que ó sexo respecta, a partir dos datos analizados cabe concluír que esa influencia parece maior nos primeiros anos da adolescencia ca nos posteriores, aínda que todo parece indicar que esta influencia está mediada pola orixe social. Así, é nas rapazas e rapaces máis novos procedentes de contextos familiares problemáticos e de clase baixa onde cabe apreciar unha maior diferenza. Esta diferenza exprésase sobre todo no detalle con que eles tenden a representar ocupacións concretas (xeralmente de baixo status) fronte á vaguidade e ambigüidade das representacións e explicacións delas.

Podería explicarse esta diferenza dicindo, como fai Schneider (1994, p. 246), que, probablemente, a complexidade do futuro laboral e persoal das mozas xera unha dose de incerteza e unha falta de compromiso que non se dá tanto nos mozos, pois estes tenden a medrar cunha visión deles mesmos e do seu futuro máis sólida e consistente coa normativa social. Existen, dende logo, traballos que destacan o carácter máis complexo do desenvolvemento adolescente feminino (Josselson, Greenberger e McConochie, 1977); pero, máis alá do xa sinalado, e sen prexuízo de que un mesmo tipo de representación poida dar lugar a comportamentos e tomas de decisión distintas, o certo é que parece que as diferenzas atribuíbles ó sexo son máis relevantes nos adolescentes inmersos en contextos sociais problemáticos (ausencia de figuras parentais, marxinação, reclusión) e tenden a perder relevancia entre os mozos e as mozas pertencentes a contextos sociais convencionais.

Non obstante, o que si se presenta como unha constante nas representacións gráficas e as autoexplicacións dos e das xoves adolescentes de calquera contexto é unha rápida percepción da división sexual do traballo. Esta parece, así, xa enraizada no seu imaxinario social moito antes de tomar contacto directo por si mesmos e por si mesmas coas divisións de xénero existentes no mundo social extrafamiliar. Todo parece indicar que a familia sería o filtro a través do cal os primeiros adolescentes percibirían como natural esta división. Hai que sinalar, sen embargo, que —contra o que intuitivamente esperabamos— esta influencia familiar na percepción da división do traballo non se traduce en ningún desexo significativo de emulación das actividades desenvolvidas polos pais e polas nais.

Tamén, a medida que aumenta a idade, a variable sexual parece perder significación, pois, agás as sinaladas na sección de análise, non se rexistran diferenzas de relevo nos discursos producidos polos mozos e polas mozas arredor do traballo e do seu lugar preeminente nos seus proxectos de futuro.

Hai que sinalar que esta perda de importancia da condición sexual a medida que aumenta a idade do adolescente é un dato observado tamén noutras investigacións. Toharia (1984), por exemplo, comprobou cómo as mozas de 13 anos se declaraban lixeiramente máis felices e optimistas cós mozos, diferenza que desaparecía ós 16 (en 3º de BUP). Le Bras (1996) chamou a atención a este respecto sobre o feito de que a prolongación da xuventude teña como consecuencia unha di-

minución das diferencias de roles sexuais, contra o que tradicionalmente viña sendo unha das funcións esenciais da xuventude como período de transición cheo de ritos de diferenciación sexual.

Polo que respecta á influencia da familia, sen embargo, a tendencia parece se-la contraria. Sen menoscabo de que, como dixemos, a insoslaible labor socializadora da familia poida ser efectivamente o primeiro filtro a través do cal o mozo adolescente ten acceso ós privilexios e divisións da estrutura social<sup>19</sup>, non parece que a actividade laboral dos pais teña como tal unha relevancia significativa na forma en que os primeiros adolescentes se representan o traballo. Como se manifesta na inmensa maioría dos casos analizados para esa idade, nin se adoita falar do traballo que realizan o pai e/ou a nai, nin se sitúa polo xeral ese traballo entre as expectativas dos individuos. Habería, pois, que matizar ideas do sentido común que levan a afirmar —como fai Beck (1998, p. 175)— que o adolescente experimenta a profesión do seu pai como clave da comprensión do mundo.

Os adolescentes de 17 anos tampouco fan referencias directas á ocupación dos seus pais e das súas nais polo que ás súas expectativas concretas respecta, pero si parecen facer da familia un dos puntos fortes do seu discurso sobre o que é o traballo. Non é infrecuente que relaten experiencias da historia laboral familiar para apoia-las súas posicións ou contradici-las doutros nin tampouco que conten expresamente co seu apoio material e co súa subministración de relacións sociais á hora de traza-las súas perspectivas de futuro.

A máis que posible influencia que a percepción da biografía laboral dos adultos da familia (que non do tipo de traballo realizado) exerce sobre a imaxe do traballo dos adolescentes tardíos combínase cunha visión moi pouco enfrontada da familia. É probable que esta visión suavizada das relacións familiares se explique en boa parte polo feito de verse obrigados a contar con ela como colchón protector fronte a un mercado laboral que perciben como hostil, no peor dos casos, e incerto, no mellor. Parece certo, en calquera caso, que a presenza do familiar no discurso dos adolescentes tardíos sobre o traballo tende a reforza-los elementos de apoio, exemplo e solidariedade e a deixar nun moi segundo plano outros elementos de oposición ou represión tan característicos da imaxe tradicional do adolescente rebelde. Noutras palabras, o fatalismo e a incerteza con que é vivido o proceso inherentemente conflictivo, que seguramente debe acompañar a todo proceso de transición á vida activa, parece anular gran parte das tensións propias do conflito xeracional intrafamiliar con que tradicionalmente se describiu una boa parte do período ado-

<sup>19</sup> Véxase Piotrowski e Stark (1987) para un estudio verbo da importancia da familia no coñecemento que os nenos teñen do traballo. Algúns achados nesta liña de investigación indican, por exemplo, que os mozos tenden a identificarse co traballo do pai especialmente cando este é de alto status (Furnham e Stacey, 1991, p. 82). O feito de que na nosa investigación non se viran confirmadas esas afirmacións non significa que o medio familiar non teña ningunha relación coa representación do traballo elaborada polos xoves. Seguramente é decisiva na forma en que esa representación se vive. Parece innegable, por exemplo, que canto maiores sexan as expectativas e o nivel educativo dos pais, maiores serán tamén as aspiracións dos fillos (Muller e Kerbow, 1993).

lescente. É dicir, por paradoxal que poida parecer, a presenza discursiva dun mundo adulto que acapara unha boa parte do mercado de traballo non se traduce nun reforzamento do conflito familiar interxeracional, senón que, pola contra, parece contribuír a un reforzamento da solidariedade familiar interxeracional<sup>20</sup>.

Desta forma, os elementos de oposición e negatividade que sempre se tiveron por cosubstanciais ó proceso de construción da identidade propio da adolescencia desprázanse cara a un "eles" impersoal e abstracto (os poderosos, os políticos, os que contratan...). Baixo a forma dun *Mitwelt* (Schutz) sinistro, este "eles" parece arrincar da propia biografía toda posibilidade de control da incerteza. Esta forma de aglutina-lo mundo adulto extrafamiliar pode ser reveladora da percepción dun espazo extrafamiliar hostil e dificilmente reducible que pode estar moi relacionada con dúas cousas. Por un lado, coa anticipación da experiencia do paro que se observa no discurso dos adolescentes de máis idade. Por outro, coa desconfianza que esa anticipación xera cara ós medios que deberían servir para eludir ou mitigar esa experiencia. Esta desconfianza parece ser especialmente manifesta en relación co medio tradicionalmente considerado como asegurador e controlador do futuro: o capital escolar.

Os graves efectos desta anticipación —anticipación na medida en que estamos falando de adolescentes laboralmente virxes— chaman máis a atención por canto nos debuxos e explicacións dos adolescentes de menos idade a penas había referencias ó fenómeno do paro, nin sequera naqueles casos nos que cando menos un dos pais se atopaba nesa situación.

Pero, para explica-lo impacto desta anticipación da experiencia do paro na imaxe do traballo dos adolescentes é preciso saber ben contra qué impacta. Non bate só contra ese universo de imaxes esforzadas que representan os debuxos dos adolescentes máis novos; bate tamén contra a visión moral do mundo social e, en especial, do mundo do traballo que as acompaña<sup>21</sup>.

Creemos que nesta investigación se reuniu evidencia suficiente como para poder afirmar que as bases desta visión altamente moralizante do traballo están xa botadas na primeira adolescencia. Nos debuxos e nas explicacións dos adolescentes de 13 anos vimos frecuentemente referencias ó traballo duro, ó esforzo, ó sacrificio, ó logro de metas..., elementos todos eles máis frecuentes e especialmente relevantes nas representacións dos mozos e das mozas que asociaban o traballo coa vida escolar.

<sup>20</sup> Sobre o aparente paradoxo deste resultado, véxanse Labadie (1996) e Attias-Donfut (1988). Segundo Le Bras (1996), esta importancia da familia é característica dos países europeos do sur, mentres que os do norte mostran unha maior confianza na comunidade. Esa afirmación dedúcese de datos como os seguintes: mentres que en España e en Grecia case 7 de cada 10 rapaces que atopan traballo o fan a través dos seus pais ou familiares, en Dinamarca e en Holanda a penas chegan a ser 2. Igualmente, así como nos primeiros a penas 3 de cada 10 pertencen a clubs ou asociacións, nos segundos son 8.

<sup>21</sup> Seguindo a Baethge (1991), Fernández Steinko fala dunha "*subxectivación normativa do traballo*" que bate contra a obxectividade da súa escaseza.

Pois ben, cando menos para o caso dos adolescentes que son representativos da vía formal de acceso á vida activa, o choque dunha percepción do mundo laboral presidida pola anticipación da experiencia do paro contra esa visión moralizante do traballo parece ter como principal efecto un peculiar fatalismo e unha non menos peculiar desconfianza que dificultan, pero non anulan, a esperanza de saír adiante.

O feito de que esa visión moralizante do traballo fose especialmente significativa nos adolescentes que utilizaron escenas da vida escolar para representa-la súa visión do traballo apunta na liña de que é moi probable que sexa a escola a principal responsable da configuración desa visión normativa do traballo e da súa persistencia na cultura do traballo dos xoves<sup>22</sup>. De feito, parece unha constante dos adolescentes de 17 anos que estudian e queren seguir estudando vulgar cómo, cándo e en qué paga a pena non traballar utilizando exemplos da súa propia biografía escolar. Dito sexa de paso, o feito de que esta cega asociación da escola co traballo tivese unha presenza moito maior entre as mozas de 13 anos ca entre os mozos non parece ter repercusión importante nos de 17 anos, pois mozas e mozos desta idade recorreron a ela sen diferencias significativas. En todos eles e en todas elas é manifesta a importancia dos exames como escola de vida.

O fatalismo que invade as expectativas de traballo dos adolescentes radica en que a maioría deles espera atopar moitas dificultades á hora de traballar, e non xa no que realmente lles gustaría senón, simplemente, en calquera traballo. Valoran, seguen valorando, nun altísimo grao a importancia do esforzo, da tenacidade e da dedicación pero parecen percibir que isto non abonda para conducirse no mundo laboral, pois perciben o mercado de traballo como un escenario controlado e dominado por forzas pouco sensibles ás capacidades e ó mérito de cada un. Isto non só ten que ver coa inquietante presenza, xa referida, dese "eles" ó que constantemente se recorre como antisuxeito discursivo; ten tamén que ver coa reiterada alusión ó tema dos "enchufes", unha figura que parece condensa-la percepción de que a súa traxectoria de inserción na vida adulta vai estar máis determinada polo seu medio e orixe social ca polos seus intereses e polo seu historial educativo, isto é, máis polo seu capital relacional ca polo capital escolar.

Por un lado, máis de dez anos de escolarización parece terlles imbuído unha idea tan propia da ideoloxía meritocrática do industrialismo como é a de que o esforzo persoal e o rendemento en función dos méritos de cada un son as armas lexí-

---

<sup>22</sup> Outras investigacións levadas a cabo no campo da elección profesional (Miller, Kohn e Schooler, 1986) mostraron igualmente a relación existente entre o pensamento e a dirección das tarefas implicadas no traballo escolar, e os sentimentos de satisfacción e autonomía que subxacen nas perspectivas de carreira profesional dos adolescentes. Así por exemplo, como sinala Schneider (1994, p. 256), o autoconceito dos adolescentes atópase nunha relación recíproca co rendemento escolar. Os que obteñen mellores resultados tenden a ter máis claras as súas metas e a cambiar menos de preferencias profesionais ó longo da adolescencia. Véxase, así mesmo, Díaz (1996).

timas coas que un pode loitar na súa carreira pola vida. Isto, que tradicionalmente veu sendo considerado como unha importante ensinanza do traballo escolar, podería considerarse como unha ensinanza anacrónica, pois pode favorecer representacións algo inocentes do mundo real do traballo. De feito houbo xa investigadores (Blanch, 1986; Darcy, 1978) que propuxeron —a modo de terapia preventiva— unha educación que prepare non para o traballo senón para o non-traballo. Habería que ver, sen embargo, se este enfoque heterodoxo da orientación non batería contra a propia experiencia meritocrática da maioría dos profesores (sobre todo dos de niveis inferiores que proceden dunha inferior extracción social) e, en última instancia, contra a ética do traballo imperante na escola<sup>23</sup>.

Por outro lado, eses mesmos anos de escolarización parecen, tamén, terlles ensinado unha boa dose de escepticismo fronte á vixencia práctica deses valores. O currículo oculto parece que lles aprendeu a vivi-la desilusión sen desasosego e a asumir que a maioría das cousas poden facerse por simple rutina. E a rutina, como é sabido, é un bo antídoto fronte ós riscos e ás desconfianza<sup>24</sup>. Como seguramente non van atopalo traballo da súa vida, a promesa en que se basea unha educación pensada por e para o traballo esvaécese no ar. Con ela esvaeceríanse moitas ilusións se as houbese. Pero os adolescentes dan mostras dun marcado realismo e presumen de non facerse ilusións. Simplemente atrincheiran as súas expectativas nunha desconfianza que ten como fundamento ese declive da educación como contrato, pois percíbese que unha das partes non é capaz de cumprilo que promete.

Fronte a iso, a outra parte aprendeu a ve-lo seu futuro como un futuro percibido en torno á centralidade do traballo, aínda que sexa como ausencia: esa é a cualificación profunda en que descansa todo o seu capital escolar. Logo de máis de dez anos de escolarización, os adolescentes aprenderon a interiorizar "escolarmente" o futuro e iso é seguramente o que lles leva a expresa-las súas ansias de seguridade e a elabora-los seus mecanismos de autoconfianza segundo os valores meritocráticos e a moral do traballo imperante na escola<sup>25</sup>.

---

<sup>23</sup> Contra esta tendencia actúan proxectos que, como o FTCJ (*From Takers to Creators of Jobs*), intentan potenciar tanto nos alumnos coma nos profesores as habilidades necesarias para a creación de *Pupils Enterprises* (Larena, Millán e Valls, 1998). A este respecto, Beck (1998, p. 187) pregúntase: *¿ten sentido orienta-la ensinanza de xeito preponderante cara á profesionalización ou é preferible abandona-lo intento posto que non hai forma de poñerse ó día?*

<sup>24</sup> Éo, segundo Giddens (1995, pp. 55 e ss.), dende os primeiros pasos da socialización e da constitución da nosa "confianza básica", aínda que non debe derivarse do seguimento destas rutinas un estado simplemente pasivo do individuo: *as actividades rutineiras non se executan nunca de maneira simplemente automática (...). O mantemento de hábitos e rutinas é un baluarte contra a ameaza da angustia, pero á vez é un fenómeno cargado de tensión en si e de por si.*

<sup>25</sup> Subxace a esta reflexión a idea de Giddens (1995, pp. 10 e ss.) de que a organización — neste caso, a escola — trae o futuro ó presente dos individuos e canaliza, polo tanto, os sentimentos de confianza e risco que se entrecruzan no desenvolvemento da personalidade.



Constátase, así, un aferramento á idea de estudar como parachoques fronte á hostilidade do ambiente laboral. Este aferramento, non obstante, non leva a marca da clásica ilusión por chegar a ser algo. Parece, máis ben, unha consecuencia práctica da crenza de que sen os estudos non hai nada que facer. Con eles tampouco se sabe moi ben o que se fará, pero mantense cando menos a esperanza de non facer certas cousas (esperar demasiado tempo ou saltar duns traballos precarios e descualificados a outros) e de mante-la porta aberta á posibilidade de atopar un emprego que deixe tempo e recursos para realizar outras actividades directamente vinculadas coa realización persoal.

Este punto parece confirma-la difícil relación achada por Ozo *et al.* (1994, p. 68 e ss.) entre o optimismo laboral dos mozos e a actitude cara ó traballo que emana da súa escasa identificación con el, malia consideralo un aspecto central das súas vidas. Segundo o seu estudio, unha boa porción dos xoves españois son conscientes de que se logran un emprego non será seguramente naquilo para o que se prepararon ou no que desexarían, o que *apunta a unha certa fractura na súa auto-identificación: probablemente non farán o que quixerían facer e para o que se formaron. No é estraño, pois, —conclúe— que un tanto por cento significativo de mozos consideren que a súa autorrealización se producirá máis ben fóra do traballo.* Unha conclusión que facemos nosa<sup>26</sup>.

Esta desconfianza é manifesta cando os adolescentes de máis idade proxectan sobre o mundo do traballo as valoracións pouco esperanzadoras da súa vida educativa e asentan nas súas expectativas as disposicións tan desilusionadas con que, a pesar de todo, queren proseguir e culmina-los seus estudos. O importante, en calquera caso, non é só de ónde procede esta desconfianza senón tamén para ónde vai. E asomándonos, por exemplo, ó cada vez máis emerxente campo das estratexias de busca de emprego, se cadra non sexa desencamiñado pensar que gran parte das conductas estatisticamente rexistradas como "desanimadas" teñan a súa orixe nos efectos deste fatalismo. Falouse nos nosos grupos dos pros e dos contras do traballo temporal, pero non, por exemplo, do autoemprego, unha estratexia de inserción no mundo laboral que parece requirir disposicións non facilmente encastrables no capital cultural subministrado pola escola.

Entendérmo-la lóxica deste fatalismo e a súa conexión coa anticipación da experiencia de paro e a desconfianza cara á promesa educativa móstrárenos, pois, como unha das claves esenciais para entendérmo-la forma en que os xoves adolescentes se representan o mundo do traballo e se forxan as súas expectativas con respecto a el.

---

<sup>26</sup> O estudio de Veira *et al.* (1993) sobre a xuventude galega mostra tamén cómo o traballo ocupa un lugar central aínda que non prioritario en relación con outros valores. Os rapaces galegos danlle moita máis importancia ca á política ou á relixión, pero só algo menos ca á saúde, á amizade e á familia, e case a mesma ca ó amor.

Parécenos claro, neste sentido, que o fatalismo adolescente ten máis que ver coa desconfianza e coa inseguridade ca co pesimismo. Este é, se cadra, un dos puntos máis difíciles de urdir nunha análise da ética económica adolescente. Pero o certo é que, por paradoxal que poida parecer, e a pesar do sombrío panorama en que trazan as súas expectativas, a maioría deles, aínda que non se declaran optimistas sen concesións, resístense a declararse pesimistas. A maioría cre que "as cousas lle van ir ben" pero, por contradictorio que poida parecer, non se mostran ilusionados co seu futuro laboral, un futuro que, hoxe por hoxe, como estamos vendo, parece seguir sendo un elemento central na configuración da nosa identidade e na proxección das nosas expectativas.

Se cadra poida verse nesta asunción non-pesimista do fatalismo unha especie de mecanismo de defensa contra unha frustración que, en certa forma, se anticipa ó anticipa-la experiencia de paro. Carecer de ilusións é, sen dúbida, a mellor forma de non velas esvaecer.

A dificultade deste punto detéctase igualmente noutras investigacións que intentaron afondar nas declaracións e nas actitudes dos adolescentes verbo de valores como a felicidade, o benestar, etc., todos eles vinculados en última instancia á percepción da posibilidade dunha satisfactoria transición á vida adulta. ¿Como entender unha felicidade desilusionada ou un fatalismo moderadamente optimista? As conclusións da investigación de Martín Serrano (1991, p. 10) se cadra poden botar unha certa luz sobre esta cuestión. "*La mayoría de los jóvenes —afirma— se consideran felices (...) pero ser feliz no es lo mismo que sentirse bien. De hecho, la generación a la que nos estamos refiriendo, tal vez sea una de las que se declaran más felices y, al mismo tiempo, más intranquilas*". Non en van, a intranquilidade é un corolario da incerteza; e esta, sobre todo cando ten o carácter reflexivo que hoxe en día ten, convértese nun ácido que corroe a confianza en dimensións fundamentais da relación social tal e como foi entendida modernamente (a relación laboral e a relación educativa, sen ir máis lonxe).

Do que en ningún caso parece que poida falarse, pois, é de que o traballo perda centralidade na configuración do modo de vida do adolescente prototípico actual. É máis, se cadra incluso podería chegar a afirmarse que, en comparación con outros momentos de cambio social moito máis lento, momentos nos que os postos de traballo podían durar xeracións e que os anos que hoxe incluímos na adolescencia era vividos xa no traballo, hoxe, a rabiosa e problemática centralidade que o traballo ocupa na reorganización dese mundo de vida adolescente é algo novo na complexa historia deste período do ciclo vital<sup>27</sup>. Así, fronte á profusión de infor-

---

<sup>27</sup> É claro que, como pode desprenderse da observación transcultural dos ritos de paso, sempre existiron un tipo ou outro de reorganizacións das cognicións e expectativas que compoñen un mundo de vida en calquera dos procesos sociais que acompañan institucionalmente as diferentes fases do ciclo vital. Pero, como sinala Giddens (1995, p. 49), *nessas culturas, onde as cousas se manteñan máis ou menos inmutables xeración tras xeración no colectivo, os cambios na identidade quedaban claramente marcados (como o paso do individuo da adolescencia á idade adulta)*.

macións e percepcións que puideran resultar disonantes (e que de feito o son) respecto das actitudes básicas fomentadas pola moral tradicional do traballo, os adolescentes que estudian (e, sobre todo, os que pretenden seguir facéndoo) parecen tender a potenciar unha estratexia cognitiva que, máis ca cuestionar, parece reforzar esa moral e a súa centralidade subxectiva na construción da súa identidade social.

Se esta centralidade é certa, e se realmente esa negociación da identidade individual que parece constituí-lo eixe da vida intelectual do adolescente se constrúe hoxe máis ca nunca nunha ineludible (por máis que complexa) relación co que significa traballar, é claro que non resulta sostible a tese do rexeitamento. Como xa explicamos na sección de fundamentación teórica, esta tese considera a ética tradicional do traballo como un indicador de motivación e compromiso. Ve, polo tanto, nun suposto rexeitamento xuvenil deses valores un factor de desmotivación, que leva ó rexeitamento da disciplina laboral e que termina por autoexcluir ós rapaces do emprego e das súas estratexias de busca.

Á vista dos resultados obtidos pola nosa investigación, parece que esta explicación culturalista do desemprego xuvenil non ten suficiente fundamento empírico. A actual escaseza de traballo e a súa descentralidade obxectiva non parecen ter desprazado, senón reforzado, ó traballo como núcleo das preocupacións que atravesan a forxa adolescente da identidade. Todo parece indicar que o traballo segue vertebrando gran parte das crenzas, das aspiracións e do horizonte de vida en que se describe a ética económica da maioría dos adolescentes, aínda que o fara máis como horizonte problemático ca como un definido horizonte de realización. Noutras palabras: dentro do contorno confuso e cambiante de solidariedades e de adhesións que caracterizan a moratoria adolescente na busca da identidade, a imaxe normativa do traballo (o valor "traballo" como sinónimo de esforzo e autenticidade) parece presentarse como unha importante fonte de lealtade, como un importante recurso simbólico de afirmación en medio da incerteza e das percepcións disonantes que emanan do contorno. O que si parece rexeitarse entre os adolescentes son certas formas de traballo, pero non porque se rexeiten os valores tradicionalmente asociados a este senón xustamente porque o novo escenario laboral que se perfila para os xoves neste final de século non permite realizalos.

Así pois, a axioloxía implícita na ética moderna do traballo parece manterse na ética económica que alimenta a cualificación laboral profunda dos adolescentes, pero máis coma un xesto de resistencia ca coma un xesto de espírito emprendedor. É dicir, non se mantén tanto dende a confianza na súa realización como dende unha especie de mecanismo de defensa ó que os adolescentes parecen apelar para afirma-la súa incipiente e aínda fráxil identidade fronte á hostilidade percibida do contorno e á desconfianza que esta alenta. Non traducir esta desconfianza en desilusión senón reformulala nunha comedida esperanza de poder saír adiante con esforzo (con estudos), e tamén con sorte, parece se-la clave da estratexia con que a

ética económica dos adolescentes se enfrenta á fractura da forma tradicional de traza-la transición escola-mercado de traballo (ou os seus pares asociados: xuventude-vida adulta ou vida inactiva-vida activa).

Se cadra, a forma teoricamente máis satisfactoria de render contas desta representación do traballo que albergan os adolescentes (cando menos os adolescentes escolarizados sen unha traxectoria vital nin un transfondo familiar problemático) sexa describirla como unha estratexia cognitiva de racionalización do risco<sup>28</sup>. Vista así, a constitución da ética económica dos adolescentes debería considerarse como a elaboración dunha resposta ante a cuestión de: *¿que facer a título individual e colectivo fronte á incerteza e á incontrolabilidade producida por unha racionalización que avanza sen norte?* (Beck, 1996, p. 212).

O problema crucial co que se atopa a elaboración desta resposta adaptativa e, polo tanto, o campo de batalla moral e cognitivo no que se xoga a constitución da identidade sociolaboral do adolescente é o que resulta dunha forte disonancia entre, por un lado, a axioloxía implícita na ideoloxía do traballo e a meritocracia fomentadas pola escola e, por outro, a percepción dunha dinámica extraescolar que non se axusta a elas e ante a que, por conseguinte, se carece de recursos de control. Nese momento biográfico decisivo para a construción da identidade, o proxecto vital dos e das adolescentes, así como as actitudes e disposicións que albergan as súas expectativas de futuro, parece se-lo resultado do encontro entre, por un lado, unha formación escolar aínda moi apegada á cultura e ós estilos de vida da ideoloxía clásica do traballo e, por outro, a percepción dun espazo social aínda moi indefinido pero no que se rexistran ameazantes sinais de inseguridade porque os valores subministrados por esa ideoloxía clásica (o esforzo, o sacrificio, o estudo, a posposición de gratificacións) xa no garanten automaticamente oportunidades de realización persoal.

A ética económica dos e das adolescentes medra, así, sobre este escenario contradictorio como un esforzo de orientación vital que aspira a manter unha consistencia cognitiva entre as súas crenzas e as súas percepcións para salvagarda-la mínima confianza básica requirida pola súa nacente identidade fronte á incerteza dun contorno hostil que interiorizan basicamente a través da anticipación do seu difícil futuro laboral. Pero a erosión do traballo non parece supoñer necesariamente a erosión da ética do traballo. Ó contrario. No esforzo de orientación vital dos e das adolescentes parece que segue ocupando un lugar central a clásica imaxe normativizada do traballo. A súa fonda significación no proceso de construción da identidade no que se atopan inmersos estes suxeitos invita, pois, a revisa-la tese da

---

<sup>28</sup> Ó recorrer á noción de risco para teoriza-la estratexia sobre a que parece estruturarse a ética económica dos adolescentes asumimos algo unanimemente aceptado na literatura da socioloxía do risco: a necesidade de levar ó ámbito do mundo da vida, das súas estruturas de sentido e da construción das identidades individuais os efectos das rupturas das institucións e as tradicións que acompañan ó cambio social actual (Beck, 1998, especialmente as pp. 175-199; Giddens, 1996).

descentralidade subxectiva do traballo e a relativiza-las defensas dunha suposta cultura xuvenil remisa ante o valor traballo.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ-URÍA, F. (1994): "La escuela y el espíritu del capitalismo", en VV.AA.: *Volver a pensar la educación*, vol. 1. Madrid: Morata.
- APPLE, M. (1987): *Educación y poder*. Barcelona: Paidós/MEC.
- ATTIAS-DONFUT, C. (1988): "Âges de la vie et générations", en *Sociologie des générations*. París: PUF.
- BAETHGE, M. (1991): "Arbeit, Vergesellschaftung, Identität - Zur Zunehmenden Normativen Subjektivierung der Arbeit", *Soziale Welt*, 42 (2), pp. 6-20.
- BECK, U. (1996): "Teoría de la sociedad del riesgo", en VV.AA.: *Las consecuencias perversas de la modernidad*, pp. 201-222. Barcelona: Anthropos.
- BECK, U. (1998): *La sociedad del riesgo*. Barcelona: Paidós.
- BELL, D. (1977): *Las contradicciones culturales del capitalismo*. Madrid: Alianza.
- BLANCH, J.M. (1986): *Desempleo juvenil y salud psicosocial*. (Documentos de Psicología Social). Universidad Autónoma de Barcelona.
- BOURDIEU, P. (1996): "La double vérité du travail", en *Actes de la recherche en Sciences Sociales*, 114, (setembro).
- BOWLES, S.; GINTIS, H. (1985): *La instrucción escolar en la América capitalista*. Madrid: Siglo XXI.
- BOWLES, S.; GINTIS, H. (1983): "La educación como escenario de las contradicciones en la reproducción de la relación capital-trabajo", *Educación y Sociedad*, 2.
- BURUNDARENA, C. (1988): "Análisis de las relaciones entre la educación y el sistema productivo", en J. Grao [coord.]: *Planificación de la educación y mercado de trabajo*, pp. 133-142. Narcea.
- CASTELLS, M. (1998): *La era de la información. Economía, sociedad y cultura*. (vol. 3: fin de milenio). Madrid: Alianza.
- CASAL, J.; MASJOAN, J.M.; PLANAS, J. (1989): *La inserción profesional y social de los jóvenes*. Universidad de Barcelona, CIDE, ICE.
- CASTILLO CASTILLO, J. (1989): "La valoración del trabajo en la sociedad del consumo", en Torregrosa *et al.*, op. cit., pp. 85-94.
- DARCY, J. (1978): "Education About Unemployment: A Reflective Element", *Oxford Review of Education*, 4, pp. 289-94.
- DE MIGUEL, A. (1992): *La sociedad española 1992/93*. Madrid: Alianza.
- DÍAZ MARTÍNEZ, C. (1996): *El presente de su futuro: modelos de autopercepción y de vida entre los adolescentes españoles*. Madrid: Siglo XXI.
- DRANCOURT, M. (1984): *La fin du travail*. París: Hachette.
- ELZO, J. ET AL. (1994): *Jóvenes españoles 94*. Madrid: SM.
- ERIKSON, E. (1992): *Identidad. Juventud y crisis*. Madrid: Taurus.
- FERNÁNDEZ STEINKO, A. (1997): *Continuidad y ruptura en la modernización industrial de España*. Madrid: CES.
- FURNHAM, A.; STACEY, B. (1991): *Young's People Understanding of Society*, especialmente o capítulo IV: "Work and Employment". Londres: Routledge.

- GIDDENS, A. (1995): *Modernidad e identidad del yo*. Barcelona: Península.
- GORZ, A. (1996): *La metamorfosis del trabajo*. Madrid: Sistema.
- HOLLANDS, R. (1995): *Friday Night, Saturday Night: Youth Cultural Identification and the Postindustrial City*. Newcastle: University of Newcastle u. Tyne
- INGLEHART, R. (1991): *El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas*. Madrid: CIS.
- JACKSON, PH. (1991): *La vida en las aulas*. Madrid: Morata.
- JANNIÈRE (1985): "Travailler aujourd'hui", *Etudes*, (abril).
- LABADIE, F. (1996): "Les rapports entre générations: un enjeu pour l'Europe sociale", *Agora*, 5, pp. 7-10.
- LAGRÉE, J.CH. (1996): "Jeunes générations: de l'ère industrielle à la postmodernité", *Agora*, 5, pp. 65-80.
- LARENA, R.; MILLÁN, C.; VALLS, N. (1998): "De tomadores a creadores de trabajo", en R. Garcés [coord.]: *Actas de la VI Conferencia de Sociología de la Educación*, pp. 487-492. Universidad de Zaragoza, ICE.
- LE BRAS, H. (1996): "Jeneusse: de la compétence à la performance", *Agora*, 5, pp. 11-22.
- LIPOVETSKY, G. (1986): *La era del vacío. Ensayos sobre el individualismo contemporáneo*. Barcelona: Anagrama.
- MARTÍN CRIADO, E. (1998): *Producir la juventud*. Madrid.
- MARTÍN SERRANO, M. (1991): *Los valores actuales de la juventud en España*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales, Instituto de la Juventud.
- MEDA, D. (1998): *El trabajo. Un valor en peligro de extinción*. Barcelona: Gedisa.
- MIGUÉLEZ, F.; TORNS, T.; PASTOR, I. (1998): "Las estructuras de sentido de la vida cotidiana", *Papers*, 55, pp. 151-179.
- MILLER, K.A.; KOHN, M.L.; SCHOOLER, C. (1986): "Educational Self-Direction and Personality", *American Sociological Review*, 51, pp. 372-390.
- MULLER, C.; KERBOW, D. (1993): "Parent Involvement in Home, School and Community", en B. Schroeder e J.S. Coleman [ed.]: *Parents, Their Children and Schools*. Boulder: Westviewpress.
- MÜLLER-ROMMEL, F. (1983): "Die Postmaterialismuskonzeption in der Empirischen Sozialforschung", *Politische Vierteljahrschrift*, 24, pp. 218-228.
- MURRAY, CH. (1994): *The Underclass: The Crisis Deepens*. Londres: Institute of Economic Affairs.
- OCDE (1980): *Youth Prospects in the 1980s*. París.
- OFFE, C. (1992): *La sociedad del trabajo. Problemas estructurales y perspectivas de futuro*. Madrid: Alianza.
- OFFE, C. (1994): "¿Pleno empleo?", *Debats*, 50, pp. 68-73.
- PIOTRMOWSKI, C.; STARK, I. (1987): "Children and Adolescents Look at Their Parent's Jobs", en J. Lewko [ed.]: *How Children and Adolescents View the World of Work*, pp. 4-19. San Francisco: Jossey-Boss.
- ROUSSELET, J. (1974): *L'alergie au travail*. París: Seuil.
- SANCHÍS, E. (1988): "Valores y actitudes de los jóvenes ante el trabajo", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 41, pp. 133-151.
- SCHNEIDER, B. (1994): "Thinking About an Occupation: A New Development and Contextual Perspective", *Research in Sociology of Education and Socialization*, vol. 10, pp. 239-59.

- TERRÉN, E. (1997): "Educación y empleo", en M. Fernández Enguita [coord.]: *Sociología de las instituciones de educación secundaria*. Barcelona: Horsori-ICE/UAB.
- TERRÉN, E.; CASTILLO, C. (1994): "De la cualificación a la competencia: elementos para una reconstrucción epistemológica", *Cuaderno de Relaciones Laborales*, 4, pp. 75-91.
- TORRES, X. (1991): *El currículum oculto*. Madrid: Morata.
- VEIRA, J.L.; MÍGUEZ, S.; MUÑOZ, C. (1993): *A mocidade galega. Informe 1993*. A Coruña: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Xuventude.
- WEBER, M. (1983): *Ensayos sobre sociología de la religión*, vol. I. Madrid: Taurus.
- WILLIS, P. (1990): *Common Culture*. Milton Keynes, Oxford University Press.

